

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

*RESOLUCIÓN do 28 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes das persoas aspirantes aos premios extraordinarios na modalidade de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2021/22.*

En virtude da autorización conferida pola disposición derradeira primeira da Orde do 7 de xuño de 2022 pola que se convocan os premios extraordinarios na modalidade de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2021/22 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 120, do 23 de xuño), e de conformidade co establecido no artigo 11 desda orde, en relación coa composición do xurado de selección encargado da análise e valoración das solicitudes,

#### DISPOÑO:

Primeiro. Designar os membros do xurado de selección que deberán analizar e valorar as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios na modalidade de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2021/22 e facer pública a súa composición que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo. O xurado poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica especializada para colaborar na valoración dos méritos dos aspirantes.

Terceiro. Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2022

José Luis Mira Lema  
Director xeral de Formación Profesional



**ANEXO****Xurado de selección**a) **Ámbito de Música.**

Presidente: Juan Durán Alonso, subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, por delegación do director xeral de Formación Profesional.

Vogais:

- Gustavo Lorenzo Prozzo, inspector de Educación.
- Rosalía Polo Cal, inspectora de Educación.
- Nuria Campo Campo, asesora de Música e Artes Escénicas.
- Secretaria: Raquel González García, asesora de Música e Artes Escénicas.

b) **Ámbito de Danza.**

Presidente: Juan Durán Alonso, subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, por delegación do director xeral de Formación Profesional.

Vogais:

- Rubén Vázquez Rodríguez, inspector de Educación.
- María de los Ángeles Gayoso Diz, profesora de Música e Artes Escénicas.
- Nuria Campo Campo, asesora de Música e Artes Escénicas.
- Secretaria: Raquel González García, asesora de Música e Artes Escénicas.

c) **Ámbito de Artes Plásticas e Deseño.**

Presidente: Juan Durán Alonso, subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, por delegación do director xeral de Formación Profesional.



Vogais:

- Jesús María Risueño López, inspector de Educación.
- Gonzalo Porral Mato, mestre de taller de Artes Plásticas e Deseño.
- María Rosario Ureña Lara, asesora de Ensinanzas de Réxime Especial.
- Secretaria: Raquel González García, asesora de Música e Artes Escénicas.

